

CONVENIO DE COLABORACIÓN, PARA LA ATENCIÓN DE LESIONADOS EN ACCIDENTE DE TRÁFICO MEDIANTE SERVICIOS DE EMERGENCIAS SANITARIAS PARA LOS EJERCICIOS 2017-2018-2019-2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA** que:

O Servizo Galego de Saúde - Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 formalizou o 05.07.2017 coa Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras, UNESPA e co Consorcio de Compensación de Seguros o convenio arriba referido, cun período de vixencia desde o 01.01.2017 ate o 31.12.2020, podendo prorrogarse expresamente por períodos anuais, de conformidade co disposto na letra h) do artogp 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

O instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a prestación de servizos de asistencia sanitaria de emerxencia a lesionados en accidente de tráfico no ámbito da sanidade pública e as tarifas de prezos aplicables aos mesmos.

As cláusulas e tarifas contidas no mesmo aplícanse a todas as prestacións realizadas aos lesionados por feitos da circulación ocasionados por vehículos de motor que teñan o seu estacionamento habitual en España, estando obrigados a subscribir un contrato de seguro de Responsabilidade Civil derivada da Circulación de Vehículos de Motor, de acordo coa lexislación vixente. Serán de aplicación tanto ao seguro obrigatorio, voluntario e complementario aos mesmos.

En todo o referente ao seguro obrigatorio de circulación estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se proba o Texto Refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, e no seu regulamento, aprobado por Real Decreto 1507/2008, do 12 de setembro.

Así mesmo, en canto á facturación dos servizos prestados pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a lexislación que se aplica atópase recollida no artigo 83 da Lei Xeral de Sanidade, na Disposición Adicional 10ª do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, no seu anexo IX, e especialmente no Decreto 56/2014, do 30 de abril polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias ou norma que as substitúa.

O instrumento convencional fundamentase en que:

1 UNESPA (Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras) é a asociación empresarial que agrupa á inmensa maioría das empresas de seguros de España. Foi fundada en 1977 coa finalidade, segundo descríbese no artigo 1 dos estatutos da asociación, de representación, xestión e defensa dos intereses económicos, sociais e profesionais, comúns, dos seus asociados.

2 O Consorcio de Compensación de Seguros é unha entidade pública empresarial española con actividade no sector asegurador, adscrita ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Conta con personalidade xurídica, con plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

As actividades do Consorcio enmárcanse en dúas vertentes: as funcións aseguradoras e non aseguradoras. Respecto das primeiras cabe destacar o seu carácter subsidiario, sendo a súa actuación, polo xeral, a dun asegurador directo, en defecto de participación do mercado privado, e tamén a propia dun Fondo de Garantía, cando se dan determinadas circunstancias como a falta de seguro en casos de seguros obrigatorios, insolvencia do asegurador, etc.

3 A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 ten por obxecto, segundo se recolle nos seus estatutos, a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urgencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e en atención sociosanitaria.

4 A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 ven subscribindo este convenio marco coa Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras (UNESPA) e o Consorcio de Compensación de Seguros desde decembro de 1997 ao considerar de interese común a colaboración na prestación de servizos de asistencia sanitaria de emerxencia a lesionados en accidente de tráfico, pola calidade dos servizos asistenciais de emerxencia e pola facilidade para facturar os devanditos servizos ao describir claramente os procedementos e os criterios de aceptación dos importes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estíbase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

